

ENCONTRO Nova Escola Galega debate en Boimorto sobre a fenda que o sistema educativo traza ante uns estudantes que non ven recoñecida a súa cultura

OS ALUMNOS RURAIS, EN DESVANTAXE NO SEU MEDIO

UN CURRÍCULO 'URBANITA' E A DIFICULTADE DE ACCESO ÁS TIC, ENRIBA DA MESA

M.J.C. - Santiago

A discriminación do alumnado procedente do medio rural segue sendo unha realidade no sistema educativo galego, que se deseña sempre desde unha óptica urbana, esquecendo sistematicamente o mundo rural e os saberes que este atesoura e, xa que logo, deixando en inferioridade de condicións os rapaces procedentes neste eido.


Para aprofundar nesta problemática e pór en común experiencias e proxectos, xurdiron hai catro anos os encontros de debate sobre a educación no medio rural, organizados polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega. Boimorto colle hoxe a remuda das pasadas edicións, desenvolvidas en Santiago, Chantada e A Capela, e desta vez leva por subtítulo 'Acadando as competencias básicas'.

"A UE recomenda desenvolver o currículo en base a competencias básicas para que o alumno se desenvolva na vida", explica Xosé Ramos, que participará na mesa redonda que fará fin os encontros o sábado.

Este experto adianta algunas desvantaxes coas que se atopan os alumnos procedentes do eido rural á hora de enfrentarse a estas tarefas. "A maioría do profesorado que dá clases no rural vive no mundo urbano e á hora de proponer tarefas que se acheguen á realidade tenden a propor problemas da realidade urbana. Isto é unha distorsión", di Ramos. Outro problema é a fenda dixital entre o mundo rural e o mundo urbano. "Os alumnos rurais teñen máis difícil acceso ás fóntes de información, basicamente as tecnoloxías da información e da comunicación. Na aldea non hai cable, wifi nin bibliotecas con ordenadores", salienta este profesor.

E a propia configuración xeográfica tamén xoga contra eles. "Traballar por tarefas aconsella moitas veces traballar en grupo. Na aula está ben, pero unha vez fóra, no mundo rural hai máis distancias, falta transportes e locais de reunión para os mozos".

Pero antes de aprofundar nestes temas de aula, os 80 asistentes afechanse á situación actual no medio rural, unha crise que os rapaces viven na casa e nótaselles na escola, salienta Paco Veiga, un dos organizadores do encontro.●



A cultura rural está discriminada no currículo escolar, o que deixa estes nenos en inferioridade de condicións

ENTREVISTA ■ Santiago Prado denuncia o fracaso e abandono escolar duns rapaces porque a escola está desconectada da súa realidade cultural

"A aula minorizaos ó excluír o seu mundo, malia ser maioría"

O antropólogo Santiago Prado Con-
teu durante catro anos a si-
tuación do alumnado de proceden-
cia rural nun instituto rural, o IES
Terra de Melide e o seu traballo foi
merecedor do Premio Vicente Ris-
co co 2007.

Vostede afirma no seu traballo que os alumnos provenientes do eido rural sufren un proceso de minorización. En que consiste?

Segundo a antropoloxía da educación, fallo de minorización social na Terra de Melide porque os campos de legitimación social deste grupo non están presentes. A cultura rural está ausente tanto no eido social como educativo. Todos os saberes que traen estes rapaces que forman parte do seu universo social e familiar están ausentes da educación. E está demostrado que se a educación se conecta cos saberes que traen os alumnos as garantías de éxito son maiores que se se desconecta da realidade dos alumnos. Isto vese moi claro co alumnado de procedencia rural. Por exemplo, un rapaz que nace nunha familia de campesiños ten uns coñecementos, de vocabulario, dos traballos do campo, da natureza e da realidade da terra, que non están recoñecidos na pro-



O antropólogo Santiago Prado

gramación educativa. Iso leva a que se pense que este alumnado ten un déficit, cando o que hai é un choque cultural, unha fenda entre a súa cultura e o que está legitimado na ins-
titución educativa.

Cal é o índice de fracaso escolar?

Pódese chegar ó 60% de mozos que non rematan a ESO, con datos do 2004. Pero eu inclínarme a pensar que quem fracasa é o sistema educativo, de costas á realidade social destes mozos. Poñendo como exemplo un traballo de campo que

realizamos. Consistiu en levar un grupo de 70 rapaces a un centro en Monforte e outro a Sergude onde se ofertaban ciclos formativos relacionados coas actividades gandeiras. Os profesores gabaron a actitude e aptitude deste grupo e creían que eran os mellores do instituto, cando a realidade é que a maioría suspendían moitas materias e eran repetidores. É dicir, nun medio no que se valoraban as súas competencias, pasaban a ser os mellores alumnos.

O índice de abandono ó rematar a etapa obligatoria tamén é alto.

A maioría dos rapaces abandonan o medio rural e pónense a traballar na construcción no País Vasco ou en Canarias e na hostalería. Agora o sector inmobiliario está en crise, e isto é un problema. Se o sistema escolar non toma conciencia, teremos moitas remesas de rapaces sen formación nin traballo. Por outra parte, hai unha porcentaxe pequena de rapaces que chegan a un alto nível educativo, mesmo universitario. Pero ese coñecemento non reverte no seu medio de procedencia, non xera desenvolvemento no medio rural.●